



P X O M

C A N G A S

BORRADOR

ANÁLISE do MODELO de ASENTAMENTO POBOACIONAL
TOMO I




CONCELLO DE CANGAS

XUÑO 2019

Nicomedes Pastor Díaz, 21. 27001 Lugo

Tel. 982 242 907

www.monsaurbanismo.com



MONSA
URBANISMO



monsa@monsaurbanismo.com



MONSA URBANISMO S.L.

PLAN XERAL de ORDENACIÓN MUNICIPAL de CANGAS
BORRADOR
ANÁLISE do MODELO de ASENTAMENTO POBOACIONAL
TOMO I

CONCELLO de CANGAS

MONSA URBANISMO S.L.

Xuño de 2019

1. PRESENTACIÓN

2. MEMORIA

- 2.1 MARCO TERRITORIAL
- 2.2 DESENVOLVEMENTO DO PLANEAMENTO VIXENTE
- 2.3 IDENTIFICACIÓN DOS NÚCLEOS DE POBOACIÓN DO MUNICIPIO
- 2.4 IDENTIFICACIÓN DAS ÁREAS DE RECUALIFICACIÓN

3. FICHAS DOS NÚCLEOS RURAIS [DO NR.01 AO NR.25]

1. PRESENTACIÓN

Título:

PLAN XERAL de ORDENACIÓN MUNICIPAL de
CANGAS
BORRADOR
ANÁLISE do MODELO de ASENTAMENTO
POBOACIONAL. TOMO I

Referencia:

CNpxMU8_BD_AMAP I

Promotor:

CONCELLO de CANGAS
Avenida de Castelao, nº 2, cp. 36940, Cangas
(Pontevedra)

Empresa Redactora:

MONSA URBANISMO, S.L
C/Nicomedes Pastor Díaz, nº21, cp.27001, Lugo.
www.monsaurbanismo.com
monsa@monsaurbanismo.com

Autores:


Mario Iglesias Rodríguez,
Arquitecto e Director da Empresa Redactora



Rubén Cobas Fernández
Enxeñeiro Agrónomo



Cistina Aguado Gómez,
Arquitecto



2. MEMORIA

2.1 MARCO TERRITORIAL


A análise do modelo de asentamento poboacional ten que servir de base para a preservación e mellora do medio rural, definindo para elo, os elementos que o constitúan e, destacando a división parroquial, o sistema de núcleos de poboación e a súa relación co medio natural ou produtivo. O Municipio pertence á comarca do Morrazo, xunto cos municipios de Bueu, Moaña e Marin; no terzo atlántico da provincia de Pontevedra. A comarca do Morrazo, Limita, ao Norte, coa ría de Pontevedra; ao Leste, coa comarca de Pontevedra; ao sur, coa ría de Vigo; e ao Oeste, co océano Atlántico. Trátase da comarca máis pequena en extensión de Galicia, pero unha das cinco máis densamente poboadas.

O Municipio conta cunha extensión territorial de algo mais de 38,2 (km²) e administrativamente distribúese en cinco parroquias: Cangas (Santiago e San Salvador), O Hío (Santo André), Aldán (San Cibrán), Darbo (Santa María) e Coiro (San Salvador). Ubica, á vez, dúas vilas urbanas, Cangas e Aldán, sendo vilas orixinadas a carón dos seus portos nos que denotouse unha significativa actividade pesqueira e marisqueira, que resultou nunha dinámica industria conserveira. A topografía municipal amosa unha dicotomía orográfica das zonas máis abruptas situadas no terzo Oeste da parroquia de O Hío e Norte da parroquia de Darbo, coas altimetrías máis moderadas volcadas hacia o Sur, cara a ría de Vigo e zona máis septentrional da parroquia de Aldán o que favoreceu o asentamento poboacional das vilas urbanas de Cangas e Aldán como de outros asentamentos poboacionais no rural. A dinámica social e económica do Municipio estivo sempre vinculada a súa situación estratéxica na ala atlántica da provincia de Pontevedra, comunicado coas rías de Pontevedra e ría de Vigo e cun perímetro costeiro que é aproximadamente de 44 (km), cos dous portos maríimos de Cangas e de Aldán e co porto deportivo

de Cangas. O patrimonio natural do Municipio encabézase pola zonas de especial conservación [ZEC] Costa da Vela e Cabo Udra, súmanse as anteriores, o Espazo Natural de Seixo

e a Lagoa de Vilariño. Recoñécese, ademais, que o Municipio encóntrase integrado no ámbito definido polo Plan de Recuperación Especies da Escribenta das Canaveiras (*Emberiza schoeniclus subsp. lusitánica steinbacher*). O Municipio conta cun patrimonio paisaxístico destacable, caracterizado por espazos de interese paisaxístico ou de índole orográfica, miradores [Monte do Facho, Monte do Carballiño e Mirador do Balcón do rei] e puntos de observación. Por estrada, o Municipio dispón dunha ampla rede viaria de titularidade autonómica e provincial, que garante a súa vertebración viaria e comunicación por estrada o resto de Galicia: Corredor do Morrazo CG-4.1, vía de alta capacidade VG-4.5, vía de alta capacidade VG-4, estrada PO-315, estrada PO-551, estrada PO-554 e demais estradas de titularidade provincial descritas en apartado específico da Memoria de Plan Xeral. Por mar, o Municipio empraza, segundo a Administración autonómica competente en materia do mar, cos portos pesqueiros de Cangas e de Aldán e co porto deportivo de Cangas. Segundo información estatística, a poboación do Municipio [INE.2017] é de 26.490 habitantes, sendo patente un crecemento demográfico significativo nas últimas dúas décadas que se mantén na actualidade, igualmente, no Municipio é patente unha tendencia crecente na demografía e tamén no parque de vivendas, sendo, ademais, previsible a continuidade desta tendencia que redundará na demanda de vivenda, tanto en vivenda principal como en vivenda secundaria.

O Plan Xeral proporcionará ao Municipio dunha ordenación integral do territorio municipal para o cal clasifica o solo, establece o réxime xurídico correspondente, define os elementos fundamentais da estrutura xeral que adopta para a devandita ordenación urbanística, sinalando tamén, as determinacións adecuadas para promover o seu propio desenvolvemento e execución.



O Plan Xeral identifica os asentamentos de poboación no rural, baixo a clasificación de solo de núcleo rural, utilizando como criterio de ordenación a súa delimitación ata os límites no que se encontre debidamente xustificada a consolidación edificatoria; iso, respecto á situación actual, supón un aumento xustificable da densidade nos núcleos rurais, para o que acompañarase por un paquete normativo que vele pola preservación do medio rural co fin de potenciar o o posible valor paisaxístico; iso, redundará na dinamización socioeconómica dos núcleos rurais.


O Plan Xeral servirá para o establecemento da idoneidade dos usos para cada tipo de solo, a fin de recuperar e desenvolver de forma positiva os recursos do medio físico, as actividades productivas de natureza rústica, como as industriais e residenciais; fundamentándose na creación de estruturas básicas que permitirán unha dinamización social e económica do Municipio, ante uns antecedentes que resultan dela situación actual caracterizada por unha falta de oportunidade de potencia-la socioeconomía en

integración sustentable ca posta en valor de patrimonio natural, paisaxístico e cultural, á vez en acollida co medio e dos recursos ou valores que no territorio sonlle inherentes.

Parroquia	Demografía parroquial (hab.) [INE 2016]	Extensión parroquial (km ²)	Densidade demográfica parroquial (hab./km ²)
Aldán	2.482	7,70	322
Cangas	6.820	0,65	10.492
Coiro	6.817	6,88	991
Darbo	7.511	6,87	1.093
O Hío	2.954	16,14	183

No cadro que anterior, apórtase información parroquial referida a demografía, extensión parroquial e demais:

Evolución Demográfica Parroquial (nº habitantes)					
Parroquia \ Ano	2.002	2.004	2.008	2.012	2.016
Aldán	2.622	2.592	2.569	2.554	2.482
Cangas	5.943	6.497	6.785	6.847	6.820
Coiro	5.881	6.207	6.502	6.616	6.817
Darbo	6.144	6.522	6.833	7.152	7.511
O Hío	2.852	2.825	2.848	2.918	2.954



A maior densidade demográfica reside na parroquia de Darbo na progresión do núcleo urbano de Cangas polas arterias viarias que conforman as estradas autonómicas PO-551 e PO-315, e maior densificación nos núcleos rurais que se agrupan no terzo Leste do Municipio. Nos últimos tres lustros, en termos xerais, a tendencia crecente na demografía municipal xeneralízase nas súas parroquias, relevando un maior crecemento na parroquia de Coiro ou nas parroquias de Cangas e Darbo; consecuencia do fortalecemento da continuidade do asentamento residencial ao Norte do núcleo urbano de Cangas e dos núcleos rurais asociados sitos ao pé da estrada autonómica PO-551 artellada noutras provincias próximas; ten que ver, tamén, ca proximidade con Moaña a través de dúas arterias viarias principais, a vía de alta capacidade VG-4.5 e a estrada autonómica antes referida.

A organización do espazo rural galego baséase na división sucesiva do espazo territorial en partes cada vez máis pequenas para dar asento a unha poboación crecente, e á consecuente creación de núcleos de poboación xustamente sobre, ou como moito nas proximidades, do espazo de sustento que lle é propio. Este sistema produce multitude de núcleos que xeran agrupacións nos que coexisten varios núcleos moi próximos entre si, que poden chegar a fusionarse funcionalmente, pero que conservan, en todos os casos, a súa diferenciación orixinal en topónimos e dereito. Esta é unha xeneralidade que incumprese no Municipio, onde a poboación está medianamente concentrada en núcleos rurais cunha significativa dinamicidade social.

A dicotomía orográfica, como caracterización da paisaxe e medio físico municipal, condiciona de maneira determinante o asentamento demográfico. Deste xeito, as zonas de relevo máis abrupto na parroquia de O Hío, contan con escasos e dispersos asentamentos de poboación. Situación que contrasta coa maior densidade de asentamentos de poboación nas zonas de orografía máis favorable, na metade Leste do Municipio. As vilas urbanas de Cangas e Aldán, xunto cos demais núcleos poboacionais, emprázanse nos espazos orográficos máis favorables, artellados na meirande parte por viario supramunicipal que os interconexiona e, ademais, os comunica co territorio extramunicipal.

A maior densidade poboacional localízase na parroquia de Cangas a que segue a parroquia de Darbo. O Municipio experimentou un crecemento demográfico significativo nas últimas dúas décadas, tendencia que se mantén na actualidade, polo que o Plan Xeral ten que dar debida resposta urbanística, fortalecendo a capitalidade residencial dos núcleos urbanos de Cangas e Aldán e garantindo unha delimitación dos núcleos rurais coherente ca realidade actual e de progresión futura, sempre en termos de proporcionalidade demográfica e sustentabilidade ca súa contorna. Pola súa banda, a estrutura da economía municipal artéllase na pequena e mediana empresa arraigada no sector pesqueiro-marisqueiro e

aquilatada no sector servizos, pola calidade de vida, pola dinamicidade socioeconómica do Municipio e o afianzamento do mesmo como polo turístico e de pernocta. Delimitanse os núcleos rurais existentes cun criterio de medida e proporcionalidade, sen crecementos inxustificadas en solo de natureza rústica. Todos os núcleos rurais delimitados cumpren cos requisitos o grao de consolidación pola edificación mínima establecida pola lexislación sectorial de aplicación, así como, das demais condicións impostas. O Plan Xeral cumpre pois, a ordenación integral do territorio municipal para o cal clasifica o solo, establece o réxime xurídico para os núcleos de poboación, sinalando as determinacións adecuadas para consolidar a delimitación actual e dictar o crecemento proporcional e sustentable con entorno rural; ó anterior, para cumprilos fins específicos que establece e adaptarse, ademais, ás características e complexidade urbanística do territorio obxecto de ordenación.

2.2 DESENVOLVEMENTO do PLANEAMENTO VIXENTE

O Municipio ten vixente unhas Normas Subsidiarias de Planeamento con data de aprobación de 20/12/1993, en diante denominadas como NSP 1993. Este instrumento de planeamento determina o solo urbano de Cangas afincado ao pé do seu porto, a súa orixe, estendéndose de Oeste a Leste dende Balea na finalización da Enseada do Rei ata Rodeira ca limitación física da estrada autonómica PO-554, cunha estrutura manifestamente linealizada principalmente no treito urbano da estrada autonómica PO-551 e no arranque Oeste na PO-315, e con proxección lóxica ao Norte ata os delimitadores poboacionais residencias de San Pedro, Cimadevila, Romarigo e As Gruncheiras. O solo urbano de Aldán, ao igual que Cangas, ten a súa orixe espacial a carón do porto do mesmo no fronte da Enseada de Aldán, circunscribe a súa extensión por San Cibrán e parcialmente por Vilariño, artellándose nas travesías poboacionais das estradas autonómica PO-315 e provincial EP-1004. Presenta unha ordenación dos asentamentos de poboación no

rural con espazos de tolerancia que fomentan a diseminación do asentamento edificatorio. O solo rústico aterase, por disposición transitoria, as disposicións establecidas na lexislación autonómica vixente en materia de urbanismo e ordenación do territorio. Determina, ademais, solo urbanizable baixo usos característico industrial no emprazamento industrial de A Portela e baixo uso característico residencial bolsas de desenvolvemento urbanístico a carón do solo urbano de Cangas.

As NSP 1993 supuxeron a ferramenta municipal dispoñible para guiar a planificación urbanística do Municipio, hoxe insuficiente, por inadecuade co marco normativo actual en materia urbanística, incompatibilidade cas determinacións dos instrumentos de ordenación do territorio, normativa en materia de protección natural e patrimonial, cas afeccións sectoriais e ca estratexia de crecemento do Municipio, en aras da fixación demográfica e da renda, sempre en termos de sustentabilidade ambiental, que ao final supón o obxectivo estratéxico preferente que garante a calidade de vida e cohesión social e o fortalecemento dun concello, dunha comarca, dunha provincia e finalmente da propia comunidade de Galicia. No que atinxe aos solos urbanizables, non se desenvolveron algúns, tales como o previsto no emprazamento industrial de A Portela, unha bolsa ao Norte da traza viaria PO-315 fronte a Balea e, principalmente, na finalización do urbano actual de Cangas ata o seu delimitador configurado na estrada autonómica PO-554 [enlace estratéxico da vía de alta capacidade VG-4.5 e a estrada convencional PO-551]

No tocante aos núcleos de poboación no rural, carecen dunha delimitación xustificada en termos de consolidación edificatoria que produza, en certos casos, una diseminación excesiva do crecemento previsible, o que súmanse a ausencia dunha normativa específica de harmonización tipolóxica e paisaxística; variables éstas, que serán obxecto de corrección polo Plan Xeral.

2.3 IDENTIFICACIÓN dos NÚCLEOS de POBOACIÓN do MUNICIPIO

As Directrices de Ordenación do Territorio [DOT] establecen a seguinte división das tipoloxías de asentamento rurais, en función da morfoloxía da entidade poboacional:

- Mononuclear moi compacto: Asentamento ben definido, de gran proximidade nos elementos constituíntes, de límites nítidos e forma circular ou tendente ao circular.
- Mononuclear pouco compacta: Asentamento no que existe unha certa separación entre as distintas casas por pequenos anacos de terreos libres, pequenas hortas. Forma tendente ao circular e límites nítidos.
- Mononuclear laxa: Asentamento no que os seus elementos presentan unha maior separación entre as vivendas, con formas indeterminadas, tamaño pequeno e límites pouco nítidos.
- Mononuclear disperso: Entidades cos edificios moi separados, formas indeterminadas e límites difíciles de establecer. Moitas veces trátase de casais bastante separados que aproveitan un val, o río, así como as estradas de certa relevancia. Esta tipoloxía aparece asociada a núcleos tradicionais que creceron recentemente ao longo de estradas de certa importancia.
- Polinuclear bastante compacta: Entidade formada por dous ou máis núcleos separados xeralmente por un accidente topográfico de pouca relevancia. Estrutura articulada coa existencia de varios núcleos. As formas poden ser diversas e a súa morfoloxía queda pouco definida.
- Polinuclear laxa: A estrutura particular de cada un dos núcleos que configura o conxunto é de tipo laxo. É a aldea con varios núcleos e o casarío claro.

- Núcleo compacto e con vivendas diseminadas: Asentamento no que dunha das súas partes, normalmente a central, que constitúe o enclave orixinal, de estrutura compacta, se segregan casas como consecuencia da súa dinámica evolutiva ao longo dunha vía de comunicación ou de xeito aleatorio. Forma circular ou indeterminada, límites pouco definidos e fácil de confundir cos asentamentos veciños.

En virtude do anterior, apórtase a continuación, unha listaxe ordenada por parroquias de orixe dos núcleos rurais do Municipio, categorizados segundo a tipoloxía de asentamentos no espazo ao que corresponden en función do establecido no apartado 2.9 das DOT:

Parroquia	Núcleo Rural	Tipoloxía do asentamento
O HÍO (Santo André)	DONÓN NR.01	Mononuclear pouco compacta
	A ALADA NR.02	Mononuclear laxa
	VILANOVA NR.03	Núcleo compacto e con vivendas diseminadas
	O IGREXARIO NR.04	Núcleo compacto e con vivendas diseminadas
	PINTÉNS NR.05	Núcleo compacto e con vivendas diseminadas
	VIÑÓ NR.06	Mononuclear laxa
	AMEIXIDE NR.07	Mononuclear disperso
	FENTEIRAS NR.08	Mononuclear laxa
	ARNELES - FORCAS NR.09	Mononuclear laxa
	CRUZ de CASTRO NR.10	Mononuclear laxa

Parroquia	Núcleo Rural	Tipoloxía do asentamento
O HÍO (Santo André)	NERGA NR.11	Núcleo compacto e con vivendas diseminadas
	VILARIÑO-O VIÑAL NR.12	Mononuclear laxa
	VILARIÑO-O VISO NR.13	Núcleo compacto e con vivendas diseminadas
	LIMÉNS NR.14	Núcleo compacto e con vivendas diseminadas
	LIMÉNS-A BARREIRA NR.15	Núcleo compacto e con vivendas diseminadas
ALDÁN (San Cibrán)	MENDUIÑA NR.16	Núcleo compacto e con vivendas diseminadas
	GANDÓN NR.17	Núcleo compacto e con vivendas diseminadas
	FRANCÓN NR.18	Mononuclear laxa
	PIÑEIRO NR.19	Núcleo compacto e con vivendas diseminadas
	ERBELLO NR.20	Polinuclear bastante compacta
COIRO (San Salvador)	AUGALEVADA – O OUTERO NR.23	Núcleo compacto e con vivendas diseminadas
	A PARADA NR.25	Mononuclear pouco compacta
	A COSTEIRA NR.26	Mononuclear pouco compacta
	O CARBALLAL NR.27	Núcleo compacto e con vivendas diseminadas
	O CRUCEIRO NR.28	Núcleo compacto e con vivendas diseminadas
	O IGREXARIO NR.29	Mononuclear pouco compacta
	A DEVESA NR.30	Mononuclear laxa


Parroquia	Núcleo Rural	Tipoloxía do asentamento
COIRO (San Salvador)	O XISTRO NR.31	Mononuclear pouco compacta
	A ROZADA NR.32	Núcleo compacto e con vivendas diseminadas
	MIRANDA – A BOUTETA NR.33	Mononuclear pouco compacta
	O CASTRILLÓN - TRIGÁS NR.35	Núcleo compacto e con vivendas diseminadas
	LAXIELAS NR.37	Mononuclear laxa
	A PEDREIRA – A RÚA NR.38	Núcleo compacto e con vivendas diseminadas
	GONDARÁN NR.39	Mononuclear laxa
	A RETIROSA NR.52	Núcleo compacto e con vivendas diseminadas
	VERÍN NR.53	Polinuclear bastante compacta
	ROMARIGO NR.54	Mononuclear pouco compacta
	AS GRUNCHEIRAS NR.55	Núcleo compacto e con vivendas diseminadas
RODEIRA NR.56	Polinuclear bastante compacta	
DARBO (Santa María)	O SEIXO NR.21	Núcleo compacto e con vivendas diseminadas
	O PIÑEIRO NR.22	Núcleo compacto e con vivendas diseminadas
	A SERRA de NACENTE NR.41	Núcleo compacto e con vivendas diseminadas

Parroquia	Núcleo Rural	Tipoloxía do asentamento
DARBO (Santa María)	A SERRA de POENTE – SAN ROQUE do MONTE NR.42	Mononuclear pouco compacta
	BALEA – AS BARREIRAS NR.44	Mononuclear pouco compacta
	CUNCHIDO - SANTA MARTA NR.46	Núcleo compacto e con vivendas diseminadas
	A MADALENA NR.48	Mononuclear pouco compacta
	SAN PEDRO NR.49	Mononuclear pouco compacta
	CIMADEVILA NR.50	Mononuclear pouco compacta
	O CASTELO NR.51	Mononuclear pouco compacta

A tipoloxía maioritaria dos asentamentos no espazo rural do Muncipio é “Núcleo compacto e con vivendas diseminadas”, que corresponde case o 45% dos núcleos rurais determinados, o que é mostra do modelo de asentamento no rural municipal que caracteriza unha compacidade, en maior ou menor grao, da parte tradicional do núcleo cun crecemento de baixa intensidade en edificacións xeralmente illadas e linealizado polas vías que funcionalmente o artellan.

Tipoloxía de asentamentos	Proporción respecto ao total (%)	Conteo (nº)
Mononuclear pouco compacta	26,5	13
Mononuclear laxa	20,4	10
Nononuclear disperso	2,0	1
Núcleo compacto e con vivendas diseminadas	44,9	22
Polinuclear bastante compacta	6,1	3

Tipoloxía de Asentamentos
[Distribución porcentual]



2.4 IDENTIFICACIÓN das ÁREAS de RECUALIFICACIÓN

Plan Xeral determinará áreas de recualificación respondendo a unha finalidade Ambiental e para a cohesión social.

En apartado específico do bloque xustificativo da Memora do Borrador, detállase a situación, diagnose e obxetivos establecidos para cada unaa das áreas determinadas.

A relación de áreas de recualificación establecidas polo Plan Xeral é a que segue:

ÁREAS de RECUALIFICACIÓN Ambiental e para Cohesión social

- A Alada RC.01.1/ Area Brava – Ameixide RC.01.2 / Arneles – O Igrexario RC.01.3
- Nerga RC.04
- Liméns-Santa Marta RC.05
- Balea-Salgueirón RC.06
- AV. de Ourense RC.07.1 / Punta Rodeira RC.07.2.

ÁREA de RECUALIFICACIÓN para Cohesión social

- Mendiña RC.02

ÁREA de RECUALIFICACIÓN Ambiental

- Parque Empresarial RC.03

3. FICHAS dos NÚCLEOS RURAIS [do NR.01 ao NR.25]

En diante apórtanse as fichas dos núcleos rurais proxectados polo Plan Xeral, acompañados da documentación gráfica agrupada na seguinte orde de Grupo e Serie:

GRUPOS

- Información. Núcleo Rural
- Ordenación. Núcleo Rural

SERIES

- NR – 1. Información Xeral
- NR – 2. Determinacións Sectoriais
- NR – 3. Servizos Existentes
- NR – 4. Ortofotogrametría 1956-57
- NR – 5. Ortofotogrametría Recente
- NR – 6. Organización Espacial
- NR – 7. Áreas de Actuación Integral

Neste tomo documental, a relación de núcleos rurais é a que segue:

- Donón NR.01
- A Alada NR.02
- Vilanova NR.03
- O Igrexario NR.04
- Pinténs NR.05
- Viñó NR.06
- Ameixide NR.07
- Fenteiras NR.08
- Arneles-Forcas NR.09
- Cruz de Castro NR.10
- Nerga NR.11
- Vilariño-O Viñal NR.12
- Vilariño-O Viso NR.13
- Liméns NR.14
- Liméns-A Barreira NR.15
- Mendiña NR.16
- Gandón NR.17
- Francón NR.18
- Piñeiro NR.19
- Erbelo NR.20
- O Seixo NR.21

- O Piñeiro NR.22
- Augalevada – O Outeiro NR.23
- A Parada NR.25